

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****VALEDOR DO POBO**

*RESOLUCIÓN do 6 de xullo de 2022 pola que se resolve o concurso de méritos para a provisión de dúas prazas vacantes, convocado pola Resolución do 15 de novembro de 2021.*

Pola Resolución da valedora do Pobo, do 15 de novembro de 2021, convocouse concurso de méritos para a provisión de dúas prazas vacantes do corpo auxiliar nesta institución. A convocatoria foi publicada no *Boletín Oficial del Parlamento de Galicia* nº 231 e no *Diario Oficial de Galicia* nº 225, ambos do 23 de novembro de 2021.

Finalizada a tramitación do procedemento correspondente, vista a proposta da Comisión de Avaliación e de acordo co establecido na base 8 da convocatoria, en exercicio das funcións que me atribúe a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e o artigo 7.I) do Regulamento de organización e funcionamento da institución,

**RESOLVO:**

Adxudicar as prazas de auxiliar administrativo aos funcionarios que figuran a continuación:

| Denominación do posto   | Nº de orde | Grupo           | C. específico (anual) | Nome e apelidos                       | DNI       |
|-------------------------|------------|-----------------|-----------------------|---------------------------------------|-----------|
| Auxiliar administrativo | 15         | D (subgrupo C2) | 16.378,04 €           | Valentín André Fernández              | ***7104** |
| Auxiliar administrativo | 16         | D (subgrupo C2) | 16.378,04 €           | José Francisco Sánchez-Brunete Varela | ***6541** |

O prazo de toma de posesión será de 10 días hábiles, que empezará a contar desde o día seguinte ao do cesamento na Administración de orixe dos funcionarios aos cales se lles adxudica o posto. O dito cesamento deberá efectuarse dentro dos tres días seguintes ao da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a valedora do Pobo, no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-



administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2022

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo

